



## Acta de Constitución da Marea Sectorial de LGTBIQ+

En Santiago de Compostela, no local de En Marea (rúa Santiago de Guayaquil 7), ás 18.00 horas do día 12 de maio de 2018, ten lugar a xuntanza para a constitución da Marea Sectorial de LGTBIQ+, segundo os documentos que determinan a estrutura sectorial de En Marea.

Asistentes:

Paula Piay, Esteban Rey, Rebeca Amoedo, José Antonio Ramírez e Javier Rocamora.

Sen orde do día definida previamente, comeza a xuntanza de constitución da Marea Sectorial.

En primeiro lugar, Chelo Martínez, en representación da Coordinadora de En Marea e como responsable das mareas sectoriais, explica cal é o funcionamento das Mareas sectoriais, funcións e obxetivos, unha vez rematado auséntase da xuntanza.

Acórdase:

- Denominar á Marea Sectorial como: Marea Sectorial LGTBIQ+
- Redactar un documento de constitución da Marea Sectorial de cara a unha nova xuntanza onde definamos obxetivos a curto, medio e longo prazo.
- Comezar un diálogo cos cargos institucionais para coñecer a súa implicación cos temas LGTBIQ+
- Comezar o máis pronto posible a establecer contacto cos colectivos LGTBIQ+ galegos e do estado.
- Establécese un reparto de responsabilidades provisionais: para temas de contacto cos grupos parlamentares Toño, redacción do documento de constitución Javi, covoceiras Paula e Esteban que ademais encargaranse do contacto cos colectivos.
- Acórdase facer unha campaña para o orgullo e apoiar a manifestación do Orgullo de Vigo.

Sen máis asuntos que tratar, remata a xuntanza coa constitución da Marea Sectorial de LGTBIQ+.